

Dous autores cun finísimo oficio visitan Poetas Di(n)versos dende Lugo e, por vez primeira, Luxemburgo

Lg 14 DE XANEIRO DE 2020

O trimestre invernol do ciclo Poetas Di(n)versos comezará -sen que as citas mensuais se interrompan entre outubro e xuño de cada ano- o vindeiro luns 13 de xaneiro.

A coidada programación poética patrocinada pola Concellería de Educación e Cultura da Coruña e comandada pola súa creadora dende hai once anos —a tamén poeta e xestora Yolanda Castaño- recibirá por vez primeira un poeta luxemburgués.

O francófono Jean Portante lerá os seus poemas en lingua orixinal, seguidos das traducións para o galego que preparará para a ocasión a poeta compostelano-coruñesa, ao carón do recital do lugués Luís Valle. Unha estética refinada e sentimental, xunto a un depurado oficio como versificadores, son comúns a estes dous nados en 1950 e 1970.

Se Jean Portante é autor de corenta libros entre poemas, relatos, obras teatrais, ensaios e novelas, e tradutor duns trinta títulos da literatura universal, Luís Valle publicou outras tres decenas de obras de distinta natureza. Ambos se encontran ademais de actualidade literaria polas saídas, aínda recentes, dos seus poemarios *Óstraka* (Galaxia) e *La reinvención de la sombra* (La Garúa), primeira obra publicada polo luxemburgués en España, a pesar de contar xa con volumes traducidos ao castelán editados en México, Colombia, Arxentina, Cuba, Perú ou Bolivia. Escritor moi recoñecido no mundo francófono e traducido a multitude de linguas, polo conxunto da súa obra recibiu o Premio Petrarca en París, o Gran Premio da Sociedade de Escritores e o Premio Nacional de Luxemburgo.

Pola súa banda, Luís Valle é un poeta en absoluto ascenso que, tras dúas décadas afianzando unha coidada poética, se consolida en Galicia coma un dos mellor considerados dos últimos anos.

Desempéñase profesionalmente na xestión cultural e a comunicación e obtivo galardóns coma o Lueiro Rey, o Eusebio Lorenzo Baleirón ou o Premio Afundación polos nove poemarios que publicou até o de agora.

Con este novo evento continúa así, no auditorio do Centro Ágora, a programación que reúne a mellor literatura en verso de Galicia e do resto do mundo; sempre en luns, ás 20:30 h, durante unha hora e con acceso aberto e gratuíto. Ademais, cada mes unha librería de proximidade ofrece á venda os exemplares dos convidados cunha sinatura do seu puño e letra.

O decimoprimeiro ano consecutivo destas citas poéticas mensuais continuará de xeito ininterrompido até o vindeiro xuño, constituíndo a única cita periódica con poetas internacionais (ademais de locais) en todo o Estado.

No ano 2014, POETAS DI(N)VERSOS foi Premio da Crítica de Galicia á Mellor Iniciativa Cultural.